

EPAPU EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Profesora: María del Pilar Maceiras Neira

BREVE GUÍA DA MATERIA DE FILOSOFÍA DE 1º DE BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

A presente guía ten carácter orientativo (non acabado) polo que poderá estar suxeita a modificacións en función da dinámica do curso académico. É aconsellable, pois, dirixirse á profesora para informarse dos posibles cambios que poidan producirse atendendo a circunstancias varias tales como a heteroxeneidade e ritmo de aprendizaxe do alumnado.

1. METODOLOXÍA

Para poder comprender os contidos dunha materia novidosa como é a Filosofía é moi importante asistir regularmente a clase. Ademais o alumnado debe traballar pola súa conta para reforzar os coñecementos adquiridos na aula. Nas titorías de orientación poderán consultarse as dúbidas que suscite o estudo da materia.

2. MATERIAIS E RECURSOS

- **Libro de texto recomendado polo departamento.**

FILOSOFÍA (ISBN.9788483497555). Editorial Rodeira-Grupo Edebé.



- **Apuntamentos.** A profesora colgará na Aula Virtual con antelación suficiente apuntes- resumos de cada unidade didáctica, así como tarefas e exercicios para reforzar a interiorización dos contidos.

3. TEMPORALIZACIÓN E CONTIDOS POR AVALIACIÓN

- **CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN: BLOQUE I: FILOSOFÍA E SER HUMANO.**

- UNIDADE 1. INTRODUCCIÓN Á FILOSOFÍA.

1. A Filosofía como resposta á curiosidade humana.
2. O nacemento da Filosofía occidental: paso do mito ao logos.
3. Características da Filosofía.
4. División da Filosofía: Ramas.
5. Relación da Filosofía con outras disciplinas.
6. A Filosofía ao longo da Historia.

- UNIDADE 2. ANTROPOLOXÍA: NATUREZA OU CULTURA?

1. Orixe do ser humano. Creacionismo, Fixismo e Evolucionismo.
2. Hominización e Humanización.
3. A dimensión social e cultural do ser humano.
4. A cultura: características e contidos.
5. A sociabilidade humana e o proceso de socialización.
6. Actitudes ante a diversidade cultural: etnocentrismo, relativismo e interculturalismo.
7. Algunhas concepcións filosóficas en torno ao ser humano.

- UNIDADE 3. FILOSOFÍA, IDENTIDADE E XÉNERO.

1. Personalidade e Identidade persoal.
2. Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.
3. A estrutura psicosomática da personalidade.
4. A vida afectiva e a intelixencia emocional.
5. O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
6. Identidade de xénero. Roles de xénero e estereotipos.

- **CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN: BLOQUE II: COÑECEMENTO E REALIDADE.**

- UNIDADE 4. O PROBLEMA FILOSÓFICO DO COÑECEMENTO. TEORÍA DO COÑECEMENTO.

1. A pregunta filosófica polo coñecemento.
2. Concepto e graos de coñecemento.
3. Ferramentas do coñecemento
4. Coñecemento sensible e coñecemento racional.

5. Filosofía do coñecemento ao longo da historia.
 - 5.1. O coñecemento na etapa clásica grega.
 - . Os sofistas e Sócrates.
 - . Platón.
 - . Aristóteles.
 - 5.2. O coñecemento na filosofía moderna: Racionalismo, Empirismo e Criticismo kantiano.
6. A posibilidade do coñecemento. Diversas actitudes ante a pregunta de se é posible coñecer.
7. Verdade e criterios de verdade.

- UNIDADE 5. O COÑECEMENTO CIENTÍFICO.

1. O coñecemento científico: orixe e características da ciencia.
2. Tipos de ciencias.
3. Os métodos científicos.
4. Ciencia, tecnoloxía e sociedade.

- UNIDADE 6. A EXPLICACIÓN METAFÍSICA DA REALIDADE.

1. A Metafísica: concepto, orixe e características.
2. Metafísica e preguntas radicais.
3. Algúns temas u obxectos da metafísica.
 - 3.1. Realidade e Apariencia.
 - 3.2. O sentido da existencia.
 - 3.3. O estudo de Deus.
4. Breve percorrido histórico pola metafísica.

• **CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN: BLOQUE III: ACCIÓN E CREACIÓN.**

- UNIDADE 7. ÉTICA OU FILOSOFÍA MORAL.

1. A dimensión moral do ser humano e a liberdade como base da moralidade.
2. Distinción entre moral e ética: moral vivida e moral pensada.
3. O nacemento da Ética.
4. Éticas materiais/ teleolóxicas e éticas formais/ deontolóxicas.
5. Principais éticas teleolóxicas da historia.
 - 5.1. O Eudemonismo de Aristóteles.
 - 5.2. O Hedonismo de Epicuro.
 - 5.3. O Emotivismo moral de Hume.
 - 5.4. O Utilitarismo de J. Stuart Mill.

6. Principais éticas deontolóxicas da historia.
 - 6.1. A ética formal kantiana.
 - 6.2. A ética existencialista. Sartre.
 - 6.3. A ética discursiva de Habermas.

- UNIDADE 8. FILOSOFÍA POLÍTICA: QUE É O BEN COMÚN?

1. Que é a Política?
2. Sociais por natureza ou por convención?
 - 2.1. A teoría da sociabilidade natural: Aristóteles.
 - 2.2. A sociabilidade convencional. Teorías clásicas do contrato social: Hobbes, Locke, Rousseau.
3. O Estado e as súas formas.
4. Requisitos do Estado social e democrático de dereito.
5. Movimentos, ideais, utopías e distopías.

- UNIDADE 9. ESTÉTICA: EXISTE A BELEZA?

1. Creación artística e experiencia estética.
2. Posturas ante a beleza: obxectivismo e subxectivismo.
3. A arte e as súas funcións.

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- **PROBAS ESCRITAS DE CONTROL DE APRENDIZAXE.**

Ao final de cada avaliación o alumnado deberá realizar unha proba escrita (exame) que reflicta o seu dominio dos contidos impartidos. Haberá tres exames “oficiais” que se corresponderán coas tres avaliacións do curso e supoñen o 80% da cualificación trimestral.

O alumnado que non se presente ou non supere algunha das tres avaliacións poderá presentarse á proba final fixada polo centro para recuperar a materia.

As probas escritas consistirán en responder a cuestións referidas ás unidades obxecto de exame. Combinarán distintas formulacións: test, preguntas-tema para desenvolver, análise de textos con preguntas guía...

Para aprobar deberá obterse unha cualificación de 5 puntos nos exames. Neles valoraranse os coñecementos, redacción, argumentación, claridade expositiva e ortografía.

Cabe a posibilidade de realizar exames parciais en cada trimestre se así o acordan alumnado e profesora. Tanto para obter a nota de cada trimestre (sumando os parciais, se os hai) como a nota final do curso (sumando as notas das tres avaliacións) farase la media aritmética, sempre e cando a cualificación non sexa inferior a 4. Cando a nota do

exame ou avaliación sexa inferior a 4 non fará media e haberá que recuperar.

O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumna/o teña pendente/s, agás que na avaliación obtivera unha cualificación mínima de 4 e a media das tres avaliacións permita obter un 5.

Na **proba extraordinaria de xuño** formularanse varias cuestións do conxunto do temario, sendo o aprobado o 5.

Todas as probas escritas que se realicen ao longo do curso recollerán a puntuación máxima que se pode acadar en cada cuestión.

- **ACTIVIDADES, TAREFAS E EXERCICIOS.**

Ao longo do curso a profesora colgará na Aula Virtual actividades e exercicios de reforzo e tarefas sobre os contidos mínimos esixibles das unidades didácticas que integran a materia. A súa correcta realización no prazo previsto supón o 20% da nota trimestral.

A Coruña, 8 de setembro de 2025.

